

CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

MÚSICA

CURSOS 2º-3º ESO

Criterios de Avaliación de Música para os cursos de 2º e 3º de ESO.

Segundo o decreto 133/2007, do 5 de Xullo (DOG do 13 Xullo de 2007), polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, na área de música, os cursos 2º e 3º de ESO, seguirán estes criterios de avaliación:

- Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical á que pertencen distintas pezas escoitadas con anterioridade na aula.
- Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.
- Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.
- Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.
- Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.
- Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical.
- Ler axeitadamente as gráficas musicais coas que se escribe unha obra musical.

Mínimos esixibles 2º de ESO

- Coñecer os elementos e signos da linguaxe musical traballados ó longo do curso, para poder ler e interpretar música (compases simples binarios, ternarios e cuaternarios, figuras e claves, alteracións, equivalencias, signos de repetición, signos de intensidade –os matices dinámicos e agónicos máis habituais– e indicacións rítmicas e de tempo).
- Interpretar individualmente unha peza musical con instrumentos melódicos Orff (xilófono, metalófono, carillón ou frauta doce).
- Saber distinguir, identificar visual e auditivamente e clasificar os instrumentos musicais escolares, galegos e da orquesta clasificándoos por familias así como os distintos tipos de voces máis comúns.
- Participar nas actividades grupais con apertura e respecto, tendo en conta as normas establecidas para a realización dos traballos
- Valoración positiva da libreta de clase, con tódolos exercicios feitos con corrección, orde e limpeza.
- Acompañar con ostinatos, realizados con instrumentos PAI, unha melodía.
- Ter unha visión xeralizada da riqueza e variedade do folclore traballado a longo do curso, tendo a capacidade de identificar algunha peza representativa.
- Actitude e valoración positiva cara á materia e ó traballo derivado dela tanto de xeito individual como grupal.

Mínimos esixibles 3º ESO

- Coñecemento das características musicais dos períodos estudados (desde o Renacemento ata o século XX) e identificación auditiva das pezas máis representativas.
- Analizar estilística e musicalmente partituras sinxelas.
- Coñecer os elementos e signos básicos da linguaxe musical para interpretar música e usalos con corrección (compases simples binarios, ternarios e cuaternarios, compases compostos 9/8 e 6/8, figuras e claves, alteracións, equivalencias, signos de repetición, signos de intensidade –os matices dinámicos e agónicos– e indicacións rítmicas e de tempo, síncopas, anacrusas, ligaduras de unión e de expresión).
- Coñecer a historia da música popular urbana e identificar auditivamente as pezas máis representativas.
- Ter unha visión do panorama musical galego.
- Recoñecer visualmente os instrumentos das etapas históricas estudadas.
- Ter unha visión da evolución da música gravada.
- Interpretar individualmente e en grupo pezas sinxelas, tanto de forma instrumental como vocal.
- Participación nas actividades de grupo.
- Limpeza e orde nos traballos presentados e na libreta de clase.

CURSO 4º DE ESO

Criterios de Avaliación 4º ESO

- Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. Preténdese avaliar o coñecemento do alumno acerca do papel da música en situacións e contextos diversos.
- Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e descubrir as súas principais características. Preténdese avaliar a capacidade do alumno para identificar algúns dos trazos distintivos dunha obra musical e para describir, usando unha terminoloxía adecuada, aspectos relacionados co ritmo, melodía, textura e forma.
- Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación á información obtida en distintas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas... Preténdese avaliar a capacidade para expresar unha opinión fundamentada respecto dunha obra ou dun espectáculo musical, así como a habilidade para comunicar e argumentar as propias ideas.
- Ensañar e interpretar unha peza vocal ou instrumental ou unha coreografía. Preténdese comprobar a autonomía do alumno e a súa disposición e colaboración con outros membros do grupo, seguindo os pasos necesarios e introducindo as medidas correctivas adecuadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
- Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión... Preténdese avaliar o coñecemento do alumno

dos pasos a seguir na organización e posta en marcha dun proxecto musical, a súa iniciativa e o seu interese pola procura de solucións ante os problemas que poidan xurdir.

- Explicar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais. Preténdese avaliar o coñecemento do alumnado sobre o proceso seguido en distintas producións musicais e o papel xogado en cada unha das fases do proceso polos diferentes profesionais que interveñen.
- Elaborar un arranxo para unha peza musical a partir da transformación de distintos parámetros nun ficheiro MIDI, usando un secuenciador ou un editor de partituras. Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para usar diferentes recursos informáticos ao servizo da creación musical.
- Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento usando diferentes recursos informáticos. Preténdese comprobar os criterios de selección de fragmentos musicais adecuados á secuencia de imaxes que se pretende sonorizar e a aplicación das técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.

Mínimos esixibles 4º ESO

- Coñecer os procesos da gravación analóxica e a dixital.
- Identificar os avances electrónicos que influíron na evolución dos instrumentos (guitarras eléctricas, sintetizadores e sistema MIDI)
- Valorar e identificar auditivamente o valor expresivo da música no cine, radio e TV.

- Recoñecer a importancia de internet na difusión musical e na creación de bases de datos, como fontes para o traballo.
- Editar unha partitura mediante un programa informático (Finale).
- Coñecer as principais características da música jazz e a súa vinculación co blues e o ragtime.
- Identificar auditivamente e situar no seu contexto as músicas populares urbanas das décadas dos '50, '60, '70, '80, '90 do século XX,
- Recoñecer auditivamente e situar no seu contexto a música e instrumentos de tradición popular, tanto no ámbito español como en outras culturas e países.
- Interpretar individualmente e en grupo pezas sinxelas, tanto de forma instrumental como vocal.
- Coñecer e empregar axeitadamente os elementos básicos da linguaxe musical necesarios para a correcta interpretación de partituras e comentario de audicións (compases simples binarios, ternarios e cuaternarios, compases compostos 9/8 e 6/8, figuras e claves, alteracións, equivalencias, signos de repetición, signos de intensidade –os matices dinámicos e agónicos– e indicacións rítmicas e de tempo, síncopas, anacrusas, ligaduras de unión e de expresión, escalas maiores e menores, intervalos).

CURSO 1º DE BACHARELATO

Criterios de avaliación Música. Expresión vocal.

- Aplicar os coñecementos adquiridos para unha correcta posición e hixiene da voz, tanto na vida cotiá como en contextos de interpretación musical. Con este criterio trátase de apreciar mediante probas e exercicios

correctores a axeitada asimilación dos contidos da materia, tanto de forma individual coma en grupo.

- Recoñecer a estrutura dunha canción, a partir da partitura, do seu canto e da súa audición. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade para comprender a forma e a estrutura subxacente nunha canción concreta. Ao mesmo tempo, trátase de avaliar se unha forma vocal concreta é recoñecida no seu contexto histórico e xeográfico concreto.
- Distinguir na audición dunha canción ou forma musical as diferentes voces e/ou instrumentos. Con este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para distinguir o timbre e as tesituras das distintas voces, calquera que sexa a súa combinación.
- Interpretar con acompañamento instrumental cancións de características e estilos diversos e recoñecer as diferenzas e/ou relacións entre elas, utilizando posteriormente, se se desexa a partitura. Con este criterio poderase valorar a capacidade para distinguir aspectos concretos, tanto do estilo como da coloratura e do rexistro da voz, así como a pertenza desa obra a unha determinada época, xeografía, xénero ou estilo.
- Recoñecer aquelas características dunha forma vocal concreta que producen ou potencian determinados sentimentos e emocións. Con este criterio preténdese que o alumnado sexa quen de coñecerse a si mesmo, a través das emocións que o configuran como ser humano, ao mesmo tempo que facilitarlle as ferramentas básicas para empregar ese coñecemento na súa construción e equilibrio emocional.
- Realizar pequenos arranxos ou cancións, con ou sen acompañamento instrumental. Con este criterio avaliarase o dominio básico que o

alumnado teña sobre a linguaxe musical, así como o desenvolvemento da súa creatividade.

Mínimos esixibles

- Coñecer as relacións da música con outros campos do saber e a súa implicación no mundo actual.
- Coñecer as profesións e actividades que rodean todo tipo de produción musical.
- Analizar de xeito crítico noticias, eventos, audicións e partituras.
- Ter interese por coñecer e ampliar información sobre o entorno musical inmediato ao alumnado. As características da música que o rodea, os seus instrumentos e materiais,...
- Interpretar de xeito coordinado e cunha actitude respetuosa ritmos e melodías en grupo.
- Coñecer a importancia que a música vocal tivo ao longo da historia.
- Valorar o papel que o canto xoga na nosa sociedade e noutras culturas.
- Recoñecer o papel que xoga a música nos medios audiovisuais.
- Coñecer e empregar axeitadamente os elementos básicos da linguaxe musical necesarios para a correcta interpretación de partituras e comentario de audicións (compases simples binarios, ternarios e cuaternarios, compases compostos 9/8 e 6/8, figuras e claves, alteracións, equivalencias, signos de repetición, signos de intensidade –os matices dinámicos e agóxicos– e indicacións rítmicas e de tempo, síncopas, anacrusas, ligaduras de unión e de expresión, escalas maiores e menores, intervalos).

CURSO 2º DE BACHARELATO

Criterios de Avaliación Hª da Música e da danza

- Identificar, a través da audición ou do visionado, obras de diferentes épocas, estéticas ou estilos, e describir os seus trazos máis característicos, establecendo a súa pertenza a un periodo histórico.
- Emitir xuízos críticos e persoais sobre as obras escoitadas ou vistas mediante unha análise estética ou un comentario crítico, considerando aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, usando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.
- Situar cronoloxicamente unha obra tras a súa escoita ou visión e comparar obras de características similiares representativas dos principais estilos ou escolas, sinalando as súas semellanzas e diferenzas.
- Interrelacionar a historia da música e da danza, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade.
- Identificar as circunstancias culturais ou sociolóxicas que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo das distintas épocas, estilos ou autores e autoras máis representativos da historia da música e da danza.
- Realizar comentarios de textos relativos á música e á danza.
- Realizar e expor un traballo sinxelo que requira a procura de información nos medios ao seu alcance sobre algún aspecto determinado e relativo á música, á danza, á literatura ou á estética da arte de calquera época, actual ou pasada.
- Explicar, a partir dun exemplo proposto, a través dunha análise ou

comentario, o uso da música e da danza como soporte dun texto literario ou como medio de intensificación dramática en óperas, ballet, cine ou teatro.

- Identificar a función dos distintos axentes implicados na creación e difusión da música e da danza.
- Recoñecer as características máis destacadas do patrimonio musical galego, así como do resto do Estado español, e adoptar unha postura activa sobre el.

Mínimos esixibles Hª da Música e da danza

- Ter unha visión global da historia da música e da danza (estilos, formas, compositores, instrumentos, voces...).
- Analizar partituras e audicións musicais usando un vocabulario axeitado.
- Comentar textos relacionados con aspectos estéticos e saber encadralos nun periodo determinado, extraendo as ideas fundamentais.
- Ter interese por coñecer os distintos estilos da música e da danza, por ampliar os seus gustos musicais e mostrar unha actitude aberta, crítica e positiva fronte aqueles estilos que lles son descoñecidos e estraños.